



**Este verán moitos/as viaxeiros/as gozaron do 5G de R tamén fóra de Galicia: o 70% da poboación nacional dispón xa de cobertura desta tecnoloxía co operador galego**

## **O 70 % da poboación de Galicia xa dispón do 5G de R en 148 concellos**

- *Case o 90% dos/as clientes/as de móbilR gozaron dunha cobertura mellorada nos meses de verán, o que se traduciu nun aumento de tráfico de datos de case o 40 % a respecto dos primeiros meses do ano.*
- *O servizo de móbil do operador galego beneficiase desta cobertura mellorada grazas a unha solución que de maneira automática selecciona en cada zona as antenas dispoñibles, máis do dobre que hai un ano.*
- *Xa son 148 os municipios de Galicia (70 % da poboación galega) onde R proporciona cobertura 5G, que multiplica por 10 a velocidade dos datos, reduce a latencia ao mínimo e permite xestionar unha cantidade inxente de información.*
- *Para aproveitar as numerosas vantaxes do 5G hai que dispor dun terminal compatible con esta tecnoloxía xa incluída en moitos dos 'smartphones' que comercializa R.*
- *Os/as clientes/as de móbilR disporán de 5G independentemente da tarifa que teñan contratada.*

**Venres, 14 de outubro de 2022.-** A cobertura da nova tecnoloxía móbil 5G de R, operador líder en servizos de telecomunicacións en Galicia, suma e segue, e xa alcanzou o **70 % da poboación** da comunidade, co que un total de **148 concellos** galegos xa están en disposición de gozar desta nova tecnoloxía de quinta xeración.


R agarda que ao longo de 2023 se acade, en 5G, a mesma cobertura que hoxe existe de 4G en Galicia, para que a comunidade poida competir con calquera mercado ao máximo nivel e os seus fogares e empresas dispoñan dos servizos de telecomunicacións máis avanzados do territorio.

Estes son os beneficios máis destacados que a tecnoloxía 5G lles vai ofrecer aos/as usuarios/as para asegurarlles unha mellor experiencia de cliente/a:

- **Maior velocidade de navegación e de baixada**, para descargar películas e vídeos en tempo récord.
- **A mellor calidade de imaxe** en todos os servizos.
- Descarga e subida de arquivos a toda velocidade e accesos ás **redes sociais nas mellores condicións**.
- **Menor latencia**, con acceso case **inmediato ao navegador** e ás *apps*, aplicacións de vídeo, *gaming*, etc.
- **Máis persoas conectadas ao mesmo tempo**; ao dispor dunha maior velocidade gozarán da súa conexión sempre nas mellores condicións de calidade de servizo.
- Novos servizos: **realidade virtual** ou **aumentada** case en tempo real.

Para gozar de todas as vantaxes desta tecnoloxía, o/a usuario/a debe dispor **dun terminal compatible con 5G**, incluído xa en gran parte dos *smartphones* comercializados por **R**. Ademais, **independentemente da tarifa que contrataran**, os/as clientes/as do operador galego poden gozar do 5G co seu servizo **móbilR**, sempre que dispoñan do devandito terminal compatible.

En paralelo, o **70% da poboación nacional dispón de cobertura 5G** co servizo de operador galego, o que lles permitiu gozar xa este verán a moitos/as viaxeiros/as clientes/as de **R** da nova tecnoloxía en gran parte de España máis aló de Galicia.



### **Máis investimento e infraestruturas: ninguén sen cobertura de rede**

Por outra banda, das preto de 347.000 liñas particulares de móbil de **R**, case un **90 %** viron notablemente **mellorada a súa cobertura** nos últimos meses (verán) grazas á rede móbil de **R** e aos acordos que mantén con outros operadores. Isto traducíuse nun sensible **aumento do tráfico de datos**: cada vez son máis os/as clientes/as que acceden a diario á rede de **R** ao ver ampliadas de maneira considerable as súas posibilidades de conexión en lugares recónditos ou zonas impensables hai pouco tempo.

Nos últimos tres meses, os/as clientes/as de **R** consumiron **8 millóns de xigas** de datos, case un **40 % de aumento** a respecto dos primeiros do ano.

Todas estas melloras son o froito dos traballos realizados na infraestrutura do operador galego nos últimos meses, e da migración dos/as usuarios/as particulares a unha nova rede cunha cobertura en gran medida mellorada.

De feito, os/as clientes/as de **R** dispoñen dunha potente e reforzada cobertura móbil a nivel nacional para utilizar os seus servizos de voz e datos, pois xa teñen acceso á completa infraestrutura do Grupo MASMOVIL, que lles deu prioridade aos seus **investimentos en Galicia**, e chegou a decisivos **acordos de compartición de redes** con outros operadores.

A nova rede de fibra óptica de **R** garante unha **conexión óptima** e lles permite aos/as clientes/as dispor dun servizo de telefonía móbil de máxima calidade de maneira sinxela, ao incorporar unha solución que **automaticamente selecciona** en cada zona as **antenas dispoñibles**, cuxa cantidade aumentou en 2,5 veces en Galicia dende o ano pasado.

Por todo iso, a rede de **R** chega progresivamente máis lonxe e continuará a avanzar ao máximo para que, a poder ser, ningunha persoa quede sen conectividade en Galicia, e para seguir transformándoa nunha das rexións máis competitivas de Europa a nivel tecnolóxico.

## **A revolución tecnolóxica do 5G**

A implantación desta rede móbil de quinta xeración xa está a cambiar a **maneira en que nos comunicamos**, ao permitírnos xestionar unha cantidade inxente de datos ou posibilitar que obxectos cotiáns, dende a neveira ata os automóbiles, poidan conectarse -connosco e entre si- en tempo real.

A súa despregadura supón unha auténtica **revolución tecnolóxica** que, cando se estenda ao cen por cento entre particulares, empresas e a todos os niveis permitirá, por exemplo, realizar intervencións cirúrxicas teleasistidas, despregar novas frotas de vehículos autónomos ou coordinar traballos agrícolas a través de sensores en campos de cultivo, entre outras moitas funcionalidades.

### **Concellos por provincias con 5G en Galicia (148)**

**A Coruña (55):** Abegondo, Ames, Ares, Arteixo, Arzúa, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, Carballo, Cariño, Carral, Cedeira, Cee, Coirós, Coristanco, A Coruña, Culleredo, Fene, Ferrol, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Melide, Miño, Mugar dos, Muros, Narón, Negreira, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Ponteceso, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Sada, San Sadurniño, Santiago de Compostela, Santiso, Teo, Valdoviño e Vedra.

**LUGO (28):** Barreiros, Begonte, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Cervo, Chantada, O Corgo, Cospeito, A Fonsagrada, Foz, Friol, Lugo, Meira, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pontenova, Portomarín, Ribadeo, Sarria, Sober, Vilalba e Viveiro.

**OURENSE (20):** Allariz, O Barco de Valdeorras, Os Blancos, Calvos de Randín, Carballeda de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Lobeira, Maceda, Maside, Montereí, Ourense, Piñor, Ribadavia, San Cibrao das Viñas, Toén, Verín, Vilamarín, Xínzo de Limia e Xunqueira de Ambía.

**PONTEVEDRA (45):** Arbo, Baiona, Barro, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, A Cañiza, Catoira, Crecente, A Estrada, Gondomar, O Grove, A Guarda, A Illa de Arousa, Lalín, Marín, Meaño, Meis, Moaña, Mondariz, Mos, As Neves, Nigrán, Oia, Poio, Ponte Caldelas, Pontearreas, Pontevedra, O Porriño, Redondela, Ribadumia, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Vigo, Vila de Cruzamentos, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

**comunicación R**

[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)

[R.gal](http://R.gal)